

Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos ciclos formativos de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o número 1 do seu artigo 81, o desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no artigo 6, alínea 3, establece que co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, fixará en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas, e que para a formación profesional fixará así mesmo os resultados de aprendizaxe, correspondentes ás ensinanzas mínimas. Ademais, o citado artigo, na alínea 5, determina que as administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas na devandita lei, do que formarán parte os aspectos básicos sinalados nas alíneas anteriores. Por último, no artigo 6 bis.3 establece que lles corresponde ás comunidades autónomas o exercicio das súas competencias estatutarias en materia de educación e o desenvolvemento das disposicións desa lei orgánica.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establece un sistema único e integrado de formación profesional orientado ao fortalecemento, á competitividade e á sostibilidade da economía, capaz de responder con flexibilidade aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas, así como ás necesidades do tecido produtivo. No seu artigo 1 establece que todos os currículos da formación profesional terán por obxectivo facilitar o desenvolvemento formativo e profesional das persoas, promovendo a súa formación integral e contribuíndo ao fortalecemento económico e social. Así mesmo, no seu artigo 13 dispón que o contido básico do currículo deberá manterse actualizado e terá por finalidade asegurar unha formación común e garantir a validez estatal dos títulos, dos certificados e das acreditacións correspondentes. Pola súa banda, o artigo 113.1.g) atribúelle ao Goberno a aprobación dos aspectos básicos dos currículos, así como os requisitos e os procedementos para a súa acreditación ou titulación.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, concreta a estrutura e a organización das ofertas do Sistema de formación profesional e dispón, no seu artigo 7, que as administracións educativas establecerán os currículos correspondentes aos graos D e E, respectando as atribucións competenciais establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, nesta disposición e no resto de desenvolvementos

normativos do Sistema de formación profesional. Así mesmo, prevé a posibilidade de incorporar módulos profesionais complementarios non pertencentes á oferta formativa e incluídos no Catálogo modular de formación profesional, así como módulos de formación non asociados ao Catálogo nacional de ofertas de formación profesional, atendendo á realidade socioeconómica do territorio e ás necesidades do seu tecido produtivo, e imponlles ás administracións competentes a obriga de actualizaren os seus currículos cando se produzan modificacións na normativa básica, así como de daren traslado aos centros do Sistema de formación profesional das modificacións curriculares derivadas desa actualización.

O citado real decreto configura, ademais, un modelo de formación profesional de carácter dual, no que a formación se desenvolve de xeito compartido entre os centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados, e reforza a relevancia das competencias para a empregabilidade, a dixitalización, a sostibilidade, a internacionalización e a orientación profesional como elementos esenciais da nova ordenación.

Mediante o Real decreto 500/2024, do 21 de maio, modifícanse determinados reais decretos polos que se establecen títulos de formación profesional de grao superior e se fixan as súas ensinanzas mínimas, co obxecto de adaptar a ordenación dos devanditos títulos á nova estrutura do Sistema de formación profesional establecida pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, e polo Real decreto 659/2023, do 18 de xullo. Entre outras cuestións, esta actualización incorpora os novos módulos profesionais de carácter transversal, o proxecto intermodular, a nova configuración da formación na empresa ou organismo equiparado, e a adaptación das especialidades docentes e da estrutura curricular dos títulos de técnico ou técnica superior.

No ámbito autonómico, o Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, regula a estrutura, a organización e o currículo das ofertas dos graos D e E no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e establece o marco xeral para o desenvolvemento regulamentario dos currículos correspondentes ás distintas ensinanzas de formación profesional. En particular, o seu artigo 4 dispón que a consellería con competencias en materia de educación establecerá os currículos correspondentes aos graos D e E, respectando todos os elementos recollidos no currículo básico, e poderá adaptalos ás características socioeconómicas e produtivas de Galicia, así como incorporar módulos complementarios, formación asociada a habilitacións profesionais, módulos optativos e outros elementos de contextualización curricular. Así mesmo, recoñece a autonomía dos centros docentes para desenvolveren e completaren o currículo mediante as correspondentes programacións didácticas.

Neste novo marco normativo, os ciclos formativos de grao superior configúranse como ensinanzas do Sistema de formación profesional, con estrutura modular, carácter dual e orientadas á adquisición de competencias profesionais e para a empregabilidade, así como ao desenvolvemento persoal, á continuidade formativa e á inserción laboral. A súa ordenación curricular debe garantir, ao mesmo tempo, a coherencia co currículo básico estatal, a adaptación á realidade produtiva galega e a incorporación dos elementos transversais que demanda o novo modelo de formación profesional.

En consecuencia, mediante esta orde establécese o currículo dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico ou técnica superior na Comunidade Autónoma de Galicia, determinando a relación de módulos profesionais, a súa duración e distribución por cursos, a estrutura da parte troncal e da parte optativa, a organización do proxecto intermodular, os espazos e equipamentos mínimos, a atribución docente, así como os outros aspectos curriculares e organizativos necesarios para a implantación e o desenvolvemento destas ensinanzas no ámbito autonómico, de conformidade coa normativa básica estatal e co disposto no Decreto 20/2026, do 9 de marzo.

Incorpóranse como módulos optativos propios da Comunidade Autónoma de Galicia o módulo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira e o módulo de Afondamento nas competencias profesionais. Ambos teñen por finalidade que o alumnado adquira habilidades tanto comunicativas en lingua estranxeira como en ámbitos profesionais específicos, facilitando a superación de entrevistas de traballo, así como o desempeño diario das tarefas profesionais en contextos laborais cada vez máis internacionalizados.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece no seu artigo 41 que a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade.

Esta orde responde aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. En particular, atende aos principios de necesidade e eficacia, ao resultar imprescindible para desenvolver no ámbito autonómico o novo marco básico estatal e o disposto no Decreto 20/2026, do 9 de marzo; ao principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a determinación do currículo; ao principio de seguridade xurídica, ao se integrar de xeito coherente no ordenamento vixente; ao principio de transparencia, mediante a súa tramitación conforme os procedementos legalmente establecidos; e ao principio de eficiencia, ao facilitar un marco normativo claro, sistemático e aplicable polos centros docentes e pola Administración educativa.

En consecuencia, como persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no artigo 4.2 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente orde ten por obxecto establecer o currículo e determinados aspectos da organización e a ordenación académica dos ciclos formativos de grao superior, correspondentes aos títulos de técnico ou técnica superior, da oferta de grao D, do Sistema de formación profesional, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A presente orde será de aplicación nos centros educativos, públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia que, debidamente autorizados, impartan ciclos formativos de grao superior.

Artigo 2. Estrutura dos ciclos formativos de grao superior

1. Segundo o establecido no artigo 13 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, os ciclos formativos terán estrutura modular e constarán dunha parte troncal obrigatoria e dunha parte de optatividade.
2. A parte de troncal obrigatoria estará integrada por:
 - a) Módulos profesionais do Catálogo modular de formación profesional.
 - b) Módulos asociados ás habilidades e capacidades transversais, e á orientación laboral e o emprendemento pertinentes para o coñecemento dos sectores produtivos, e para a madureza profesional: Itinerario para a empregabilidade I e II, Dixitalización aplicada aos sectores produtivos, Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo e Inglés profesional.
 - c) Proxecto intermodular.
3. A parte de optatividade completará a formación do alumnado mediante o desenvolvemento de competencias profesionais ou a incorporación de complementos de formación específicos vinculados ao perfil profesional do título correspondente. Estará integrada polo módulo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira, e polo módulo de Afondamento nas competencias profesionais.

Artigo 3. Currículo

1. Con carácter xeral, os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos módulos profesionais serán os indicados nos respectivos reais decretos polos que se establecen os títulos de técnico ou técnica superior e se fixan os aspectos básicos do currículo.

De igual forma, con carácter xeral, os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos currículos dos módulos profesionais Inglés profesional (grao superior), Itinerario persoal para a empregabilidade II, Dixitalización aplicada aos sectores produtivos (grao superior) e Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo, son respectivamente os establecidos nos anexos V, VII, VIII e X do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional.

2. En consonancia co punto 4 do artigo 4 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, con carácter xeral, os contidos de cada uns dos módulos profesionais ou proxectos que garantan a formación homoxénea e igualitaria en toda a Comunidade Autónoma estarán dispoñibles na aplicación informática de elaboración de programacións posta ao dispor dos centros pola consellería.

3. O currículo do módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I é o establecido no anexo I a) desta orde e inclúe unha unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, cunha duración de 50 horas.

4. O currículo do módulo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira será o establecido no anexo I b) desta orde. Con carácter xeral reforzará as habilidades comunicativas en inglés; non obstante, poderá ser impartido no idioma que o centro estableza para cada un dos ciclos formativos de acordo co seu proxecto lingüístico.

5. O currículo do módulo de Afondamento nas competencias profesionais poderá ser determinado polos centros, en coordinación co departamento da familia profesional á cal estea asociado o ciclo formativo, conforme os recursos dispoñibles, que poderá orientarse a habilitacións profesionais, habilidades brandas, aprendizaxe dunha lingua estranxeira ou outra formación propia que complemente o perfil do ciclo formativo.

6. Segundo o punto 6 do artigo 4 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, os centros docentes, en uso da súa autonomía recoñecida no artigo 6, número 5, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo dos ciclos formativos a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características da contorna socioproductiva, tomando como referencia o perfil profesional, a competencia xeral e as competencias profesionais e para a empregabilidade de cada grao ciclo a través dos seus resultados de aprendizaxe

establecidos para cada módulo profesional e, de ser o caso, ámbito ou proxecto, e incorporarán elementos de carácter transversal a cada ciclo formativo.

7. As programacións didácticas que desenvolven o currículos dos módulos MP0179 Inglés profesional (GS), MP1708 Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo, MP1665 Dixitalización aplicada aos sectores produtivos (GS), MP1709 Itinerario persoal para a empregabilidade I e MP 1710 Itinerario persoal para a empregabilidade II adaptarán o currículo ao correspondente ciclo formativo e ás características do alumnado e da contorna socioproductiva.

Artigo 4. A duración e distribución dos módulos profesionais

1. A duración dos módulos profesionais de cada ciclo formativos é a que se indica na alínea a) do anexo II e seguintes anexos da presente orde.
2. No caso da oferta ordinaria a distribución dos módulos profesionais por cursos de cada ciclo formativos é a que se recolle na alínea a) do anexo II e seguintes anexos da presente orde.
3. De acordo co artigo 7, punto 5, do Decreto 20/2026, a oferta modular poderase concentrar en determinados períodos do curso escolar.

Artigo 5. Fase de formación en empresa

1. Os ciclos formativos de grao superior incorporarán unha fase de formación na empresa ou organismo equiparado como parte integrada do currículo de cada oferta formativa.
2. A formación na empresa ou organismo equiparado desenvolverase mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados, contribuindo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación.
3. A formación na empresa ou organismo equiparado terá a duración e abordará as porcentaxes de resultados de aprendizaxe indicadas no artigo 7.4 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo.

Artigo 6. Metodoloxía

1. Segundo o artigo 28 Decreto 20/2026, do 9 de marzo, a metodoloxía didáctica que se empregará no desenvolvemento das actividades promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos, potenciará a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo, fomentará o desenvolvemento das habilidades sociais necesarias para desempeñar a actividade laboral e a igualdade, e evitará calquera tipo de discriminación, co fin de que o

alumnado adquira unha visión global dos procesos produtivos propios da actividade profesional correspondente.

2. Favorecerase a elaboración de modelos abertos de programación docente, coa implantación de metodoloxías activas baseadas en proxectos e retos, próximas á realidade produtiva, e a utilización de recursos e materiais tecnolóxicos que garantan a calidade e a actualización da formación, melloren a aprendizaxe e atendan ás necesidades de cada persoa en formación, favorecendo a participación das empresas no proceso formativo.

3. No caso de traballar con metodoloxías activas de aprendizaxe, sen diferenciar os módulos profesionais ou proxectos, a programación da oferta formativa do centro debe recoller claramente todos os resultados de aprendizaxe suxeitos a avaliación, posterior cualificación e rexistro nos documentos oficiais de avaliación e proposta de titulación ou certificado.

4. As ensinanzas de formación profesional de oferta modular, presencial, semipresencial e virtual organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe e adaptada ás condicións, capacidades e necesidades do alumnado, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.

5. Prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade, e cos recursos de apoio necesarios en cada caso para garantir que este alumnado poida cursar estas ensinanzas.

6. As programacións que desenvolvan o currículo das ensinanzas de formación profesional deberán ter en conta o principio de «deseño para todas as persoas». Para tal efecto, recollerán as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

7. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas metodolóxicas de atención á diversidade que permitan aos centros educativos, no exercicio da súa autonomía, unha organización das ensinanzas adecuada ás características do alumnado, con especial atención no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas nos módulos profesionais ou ámbitos para o alumnado que presente dificultades na súa expresión oral, sen que as medidas adoptadas supoñan unha minoración da avaliación das súas aprendizaxes.

Artigo 7. Espazos e equipamentos

1. Os espazos e equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento dos ciclos formativos de grao superior regulados nesta orde serán os establecidos nas alíneas b) do anexo II e seguintes da presente orde.

2. Os espazos e os equipamentos deberán garantir o desenvolvemento das actividades de ensino que permitan a adquisición do conxunto dos resultados de aprendizaxe incluídos en cada título.

3. Os espazos disporán da superficie necesaria e suficiente para desenvolver as actividades de ensino que se deriven dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A superficie establecerase en función do número de persoas que ocupen o espazo formativo, e deberá permitir o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe coa ergonomía e a mobilidade requiridas dentro deste.

b) Deberán cubrir a necesidade espacial de moblaxe, equipamento e instrumentos auxiliares de traballo.

c) Deberán respectar os espazos ou superficies de seguridade que exixan as máquinas e os equipamentos en funcionamento.

d) Cumprirán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo e cantas outras normas sexan de aplicación.

e) Poderán ser ocupados por diferentes grupos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos ou etapas educativas. A diferenciación dos espazos formativos poderá realizarse sen necesidade de pechamentos, agás cando así o requiran a racionalidade da oferta educativa e a economía na xestión dos recursos públicos.

4. O grao de utilización dos espazos expresa en tanto por cento a ocupación estándar de referencia en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas. O grao de utilización de cada espazo, de acordo coa oferta destas, poderase incrementar ou diminuír nun 5 % sempre que se cumpra:

a) Que o grao de utilización sexa superior ao 5 % e o resultado de minorar non sexa inferior ao 3%.

b) Que a suma total dos graos de ocupación sexa o cento por cento.

Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnado que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderanse realizar en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns, sempre que se dispoña do equipamento necesario nestas.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e serán os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe, tendo en conta os criterios de avaliación e os contidos que se inclúen en cada módulo profesional que se imparta nos referidos espazos.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as condicións operativas das máquinas ou os equipamentos en funcionamento.

7. Os espazos formativos e os equipamentos poderán ser compartidos entre diferentes grupos, ciclos formativos ou ensinanzas, e adaptaranse a distintas posibilidades metodolóxicas, como a aprendizaxe por proxectos ou a aprendizaxe colaborativa, que permitan garantir a calidade da formación e a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.

Artigo 8. *Profesorado*

1. As especialidades establecidas ou, de ser o caso, o persoal experto do sector produtivo para impartir nos módulos profesionais dos ciclos formativos de grao superior e as titulacións e os requisitos que debe cumprir o profesorado de centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas serán os indicados no correspondente real decreto que estableza o título e fixe os aspectos básicos do currículo.

2. O profesorado que imparta o módulo optativo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira en centros públicos deberá cumprir calquera dos seguintes requisitos:

a) Posuír a especialidade do profesorado da lingua estranxeira en que se imparta o módulo de Habilidades comunicativas en lingua estranxeira.

b) Ser profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística que corresponda ao nivel C1, ou superior, do Marco común europeo de referencia

para as linguas, ou, excepcionalmente, ao B2, cando non exista profesorado con C1 de acordo co artigo 4 apartado e) do decreto 20/2026, de 9 de marzo.

3. O módulo optativo de Afondamento nas competencias profesionais poderá ser impartido por profesorado do centro educativo con atribución docente nas ensinanzas de formación profesional, en función das competencias que sexan abordadas e dos recursos dispoñibles no centro educativo. No caso de que o módulo estea orientado á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, os requisitos do profesorado serán os mesmos que no módulo de Habilidades comunicativas de lingua estranxeira.

4. Cando non exista dispoñibilidade de profesores ou profesoras da especialidade correspondente ou de quen estea en posesión das titulacións requiridas para impartir docencia en centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas que teñan autorización para impartir estas ensinanzas, exixírase que as ensinanzas conducentes ás titulacións que se requiran para impartir docencia engloben os resultados de aprendizaxe dos módulos profesionais e, se os devanditos resultados de aprendizaxe non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse, mediante certificación, unha experiencia profesional ou de docencia de polo menos tres anos vinculada aos módulos correspondentes.

5. Para os efectos dunha mellor organización dos centros educativos, optimización dos recursos humanos e configuración dos horarios do persoal docente:

a) No caso do módulo de Inglés profesional, a competencia docente ou a afinidade entenderase demostrada polo profesorado con atribución docente no ciclo formativo que posúa a habilitación lingüística en Inglés que corresponda ao nivel C1 ou superior do Marco común europeo de referencia para as linguas ou, excepcionalmente, ao B2 cando non exista profesorado con C1.

b) As direccións dos centros poderán agrupar varios módulos ou accións formativas para seren impartidos polo mesmo profesor ou a mesma profesora.

c) Coa finalidade de lles dar continuidade aos proxectos de investigación ou de innovación aplicada ou de innovación didáctica ou metodolóxica que teñan un período de execución de máis dun curso académico e que estean vinculados a impartir en determinados módulos profesionais, ámbitos ou proxecto, o profesorado que continúe destinado no centro e que os viña impartindo terá prioridade para seguir impartindo o módulo, ámbito ou proxecto ata a súa finalización, de conformidade co establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 20/2026, do 9 de marzo.

Artigo 9. Persoas expertas do sector produtivo, persoas expertas asociadas de formación profesional e persoas expertas sénior de empresa

1. De acordo co artigo 48 do Decreto 20/2026 as persoas expertas do sector produtivo poderán ser contratadas para impartiren ofertas de formación profesional, cando se requira para cubrir as necesidades de formación, logo de esgotadas as vías ordinarias para garantir a docencia ou cando sexa preciso para garantir o dominio de procesos específicos do sector produtivo.
2. Segundo o artigo 49 do Decreto 20/2026 e para garantir o dominio de determinados procesos específicos do sector produtivo, a consellería competente en materia de educación poderá contratar, nos centros públicos, como persoal experto asociado de formación profesional persoas expertas do sector produtivo, para impartiren ofertas de alta especialización, que contén cun recoñecido prestixio profesional ou presten os seus servizos en empresas e entidades de importancia significativa para os sectores produtivos galegos e que tamén apoién accións de investigación e innovación, aplicada nos centros en que presten servizos, incluídos nalgunha rede de investigación e innovación de excelencia, así como no Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.
3. De acordo co artigo 50 do Decreto 20/2026 poderase contratar persoas expertas sénior de empresa para cubrir as necesidades de formación nas ofertas de formación profesional ou para garantir a permanente actualización do currículo no centro de formación profesional.
4. Os centros públicos poderán realizar proposta dos perfís profesionais necesarios para realizar a contratación das persoas expertas do sector produtivo, das persoas expertas asociadas de formación profesional e das persoas expertas sénior de empresa.

As propostas que contén coa validación do servizo de inspección serán remitidas á dirección xeral con competencias en formación profesional para a súa análise e aprobación, e incluírán:

- a) A denominación dos módulos profesionais ou, de ser o caso, as unidades de menor duración nas que as persoas expertas ou asociadas de formación profesional realizarán a docencia.
- b) As accións de investigación e innovación nas que participarán.

Logo de analizadas as propostas de contratación, a dirección xeral con competencias en formación profesional aprobará a relación dos perfís profesionais que poidan ser obxecto de contratación pola dirección xeral con competencias en persoal.

Disposición adicional primeira. *Desenvolvemento do currículo*

O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, consonte o establecido no capítulo V do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Regulación do exercicio da profesión*

Os elementos recollidos nos currículos regulados nesta orde non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

Disposición adicional terceira. *Oferta na modalidade semipresencial ou na modalidade virtual*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais dos ciclos formativos de grao superior na modalidade semipresencial ou na modalidade virtual garantirá que o alumnado poida obter os resultados de aprendizaxe destes.

Disposición adicional cuarta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas nesta orde*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas dos ciclos de grao superior regulados nesta orde exixirá que desde o inicio do curso escolar ou, en todo caso, antes do inicio da actividade formativa, se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos, e contén cos postos formativos suficientes nas empresas ou organismos equiparados para a realización da fase de formación da totalidade do alumnado.

Disposición adicional quinta. *Xestión administrativa e académica*

Segundo o artigo 45 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, todos os centros que impartan ensinanzas de formación profesional conforme o que se establece neste decreto deberán empregar na súa xestión administrativa e académica os programas e as aplicacións informáticas e telemáticas que a consellería competente en materia de educación empregue para o exercicio das súas competencias.

Disposición adicional sexta. *Unidades formativas*

Consonte o punto 2.c) do artigo 4 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida ou emitir certificacións específicas en materia de prevención de riscos profesionais, divídese o módulo de Itinerario persoal para a empregabilidade I na unidade formativa de Prevención de riscos laborais, cunha duración de 50 horas, e na unidade formativa de Empregabilidade e relacións laborais, cunha duración de 57 horas.

Disposición adicional sétima. *Certificación do nivel básico en prevención de riscos laborais*

1. A unidade formativa denominada Prevención de riscos laborais, a que se fai referencia no artigo 3 punto 3, incluída no módulo profesional de Itinerario persoal para a

empregabilidade I, abranguerá a formación necesaria para a obtención das competencias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais correspondentes ao perfil profesional do título, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

2. Coa finalidade de que o alumnado dispoña da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais que permita a súa incorporación á formación na empresa, a formación asociada á unidade formativa de Prevención de riscos laborais será impartida ao inicio do curso escolar, ao se tratar dun requisito indispensable para a súa incorporación á formación na empresa ou no organismo equiparado.

3. Do mesmo xeito, os outros módulos profesionais do primeiro curso que teñan incorporados resultados de aprendizaxe relacionados coa prevención de riscos laborais darán prioridade para a súa impartición ao inicio do curso escolar.

4. Para estes efectos, o equipo docente que imparta en primeiro curso do ciclo programará as actividades de ensino e de aprendizaxe que garantan a adquisición destas competencias.

5. Tendo en conta a formación recibida tanto na unidade formativa de Prevención de riscos laborais como no conxunto dos outros módulos profesionais, o equipo docente do ciclo, en calquera momento ou, en todo caso, antes da incorporación do alumnado á empresa, determinará se este ten acreditada a formación de nivel básico en Prevención de riscos laborais, segundo o recollido no seguinte punto.

6. O alumnado que realízase e superase a formación poderá obter a certificación académica da formación de nivel básico en prevención de riscos laborais. A certificación será expedida polos titulares da dirección dos centros docentes onde o alumnado estivese matriculado. Nos centros de titularidade privada serán emitidas polos/as directores/as dos centros públicos de adscrición.

Disposición adicional sexta. *Vinculación coas capacitacións profesionais*

1. A formación establecida nos currículos dos ciclos formativos de grao superior regulados nesta orde producirá, cando proceda, os efectos previstos na normativa sectorial específica que resulte aplicable ás correspondentes actividades profesionais.

2. Así mesmo, cando os módulos profesionais incluídos nos ciclos formativos acrediten estándares de competencia profesional do Catálogo nacional de estándares de competencias profesionais vinculadas á obtención de certificacións, habilitacións ou carnés profesionais, entenderase que a formación recibida garante o nivel de coñecemento exixido para a súa obtención, nos termos establecidos na normativa específica que resulte de aplicación.

3. A formación establecida no currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico superior ou técnica superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal nos módulos profesionais de:

a) Xestión da produción animal, Bioseguridade, Maquinaria e instalacións gandeiras, Organización e control da reprodución e cría, e de Itinerario profesional para a empregabilidade, acredita unha formación axeitada e o nivel de coñecemento exixido a profesionais coidadores/as de animais nas granxas e nos centros de concentración de gando, e capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais que garantan un desenvolvemento racional da produción e a procura do benestar dos animais en granxas e outros lugares, ou durante o seu transporte, conforme se establece no Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas.

b) Maquinaria e instalacións gandeiras, e Organización e control da reprodución e cría acredita unha formación e o nivel de coñecemento exixido a profesionais que realizan o control e o mantemento periódico das instalacións de muxidura nas explotacións gandeiras consonte as correspondentes normas técnicas UNE-ISO 3918:2017, UNE-ISO 5707:2019, UNE-EN 13732:2003 e UNE 68068.

4. A formación establecida no currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico superior ou técnica superior en Vitivinicultura nos módulos profesionais de Fundamentos de viticultura, de Produción ecolóxica, de Lexislación vitivinícola e seguridade alimentaria, de Xestión de calidade e ambiental na industria, e de Itinerario profesional para a empregabilidade, capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel cualificado en manipulación de produtos fitosanitarios, conforme a Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes, e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención dos carnés de manipuladores/as destes produtos.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Santiago de Compostela, ___ de ___ de dous mil vinte e seis

Román Rodríguez González.

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

PROXECTO

Anexo I

I. Currículo do módulo Itinerario para a empregabilidade I

Nivel: Primeiro curso dos ciclos de grao medio e superior

Código: MP1709

Duración: 107 horas.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Unidade formativa 1: Prevención de riscos laborais

* **Código** MP1709_12

** **Duración** 50 horas

RA1. Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

- CA1.1. Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.
- CA1.2. Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- CA1.3. Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.
- CA1.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- CA1.5. Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
- CA1.6. Clasifícaronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos.
- CA1.7. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste.
- CA1.8. Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.

- CA1.9. Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.

Unidade formativa 2: Empregabilidade e relacións laborais

* **Código** MP1709_22

** **Duración** 57 horas

RA2. Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título.

- CA2.1. Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.
- CA2.2. Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado.
- CA2.3. Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo.

RA3. Analiza e avalía o seu potencial profesional, a súa vocación e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais.

- CA3.1. Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento.
- CA3.2. Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título.
- CA3.3. Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.
- CA3.4. Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional.
- CA3.5. Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego.
- CA3.6. Identifícanse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.
- CA3.7. Identifícanse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
- CA3.8. Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador.
- CA3.9. Identifícanse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.

- CA3.10. Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral.
- CA3.11. Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego.

RA4. Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual.

- CA4.1. Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias.
- CA4.2. Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral.
- CA4.3. Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
- CA4.4. Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
- CA4.5. Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.
- CA4.6. Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade.
- CA4.7. Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade.
- CA4.8. Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- CA4.9. Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual.

RA5. Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector.

- CA5.1. Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.
- CA5.2. Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.

- CA5.3. Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo.
- CA5.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario.
- CA5.5. Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.
- CA5.6. Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- CA5.7. Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.

II. **Modulo profesional: Habilidades comunicativas en lingua estranxeira (GS)**

Código: MO0002

Duración: 60 horas.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación:

RA.1. Comprende e interpreta discursos orais en lingua estranxeira, tanto xerais como específicos do ámbito profesional, mesmo os formulados con recursos lingüísticos de relativa complexidade, extraendo a información máis relevante para o seu desempeño laboral.

- CA1.1. Identificáronse correctamente os elementos da situación comunicativa na contorna profesional e a información e os argumentos principais expostos en discursos orais, coa capacidade necesaria para sintetizar as súas ideas principais.
- CA1.2. Identificouse e seleccionouse a información esencial de discursos orais no ámbito profesional, incluíndo titoriais, conferencias, informes e negociacións, comprendendo tanto o sentido global como os detalles específicos que son relevantes para o seu desempeño profesional, con precisión e sen ambigüidades.
- CA1.3. Comprendeuse o contido de conversas entre dúas ou máis persoas sobre aspectos laborais, mesmo as que inclúan terminoloxía técnica, estruturas gramaticais avanzadas e rexistros formais, sempre que a temática sexa coñecida previamente.
- CA1.4. Realizouse un proceso de síntese e reformulación de discursos orais en lingua estranxeira, mantendo a fidelidade da mensaxe e o seu significado esencial.
- CA1.5. Comprenderonse e aplicáronse correctamente indicacións e directrices transmitidas oralmente en situacións laborais, garantindo a súa adecuada execución.
- CA1.6. Analizáronse exposicións profesionais e informes técnicos orais dentro da área de especialización, mesmo cando sexan presentados por falantes nativos/as a velocidade normal.

- CA1.7. Determináronse as condicións laborais expostas nunha entrevista, identificando e asimilando o vocabulario relacionado con xornada laboral, vacacións, remuneración e dereitos laborais.

RA.2. Recoñece e comprende textos escritos en lingua estranxeira, tanto do ámbito profesional como da vida cotiá e social; identifica o significado xeral, recoñece as ideas principais e localiza axilmente a información máis relevante para o desempeño do seu traballo, utilizando ferramentas de apoio cando sexa necesario.

- CA2.1. Identificáronse os aspectos clave de textos escritos en lingua estranxeira no ámbito profesional, como instrucións específicas en correos electrónicos de traballo, priorizando as tarefas máis urxentes.
- CA2.2. Interpretáronse instrucións e procedementos laborais en textos e gráficos, aplicándoos correctamente.
- CA2.3. Utilizáronse ferramentas de apoio, como dicionarios, tradutores e aplicacións dixitais, para mellorar a comprensión de textos en lingua estranxeira, en caso necesario.
- CA2.4. Analizáronse artigos de opinión sobre temas profesionais, identificando diversos puntos de vista e diferenciando entre opinións e os feitos.
- CA2.5. Comprenderonse as instrucións de uso e mantemento de equipamentos habituais na contorna laboral, asegurando a súa correcta aplicación no desempeño profesional.
- CA2.6. Determináronse as normas de seguridade laboral, os protocolos de evacuación e a documentación de autoprotección.
- CA2.7. Recolleuse e sintetizouse a información clave dunha empresa, incluíndo actividade, sector e indicadores económicos.
- CA2.8. Revisáronse e analizáronse modelos actualizados de documentos esenciais para a empregabilidade, como currículos, cartas de motivación e cartas de recomendación, comprendendo a súa estrutura e o seu propósito.
- CA2.9. Realizouse unha procura eficaz de información en redes sociais e internet, comprendendo a linguaxe publicitaria e as características das publicacións en liña, e analizando as estratexias máis efectivas para maximizar o seu impacto e a súa difusión.
- CA2.10. Avaliáronse criticamente fontes de información en lingua estranxeira, distinguindo entre información fiable e contido pouco rigoroso ou nesgado.

RA.3. Participa activamente en conversas profesionais, utilizando vocabulario e rexistros lingüísticos apropiados para situacións específicas, e emite mensaxes orais claras, coherentes e ben estruturadas.

- CA3.1. Comunicouse espontaneamente con fluidez, adoptando un nivel de formalidade adecuado á situación profesional.

- CA3.2. Organizouse e estrutura do discurso oral con claridade, utilizando transicións axeitadas para facilitar a comprensión da audiencia.
- CA3.3. Interactuouse con fluidez en conversas profesionais, expresando e defendendo puntos de vista con argumentos sólidos e terminoloxía específica do ámbito laboral, e comunicando instrucións orais precisas para organizar tarefas e procesos ao grupo.
- CA3.4. Presentáronse proxectos, informes e resultados de traballos en contornas profesionais, utilizando para iso técnicas e tecnoloxías de comunicación efectiva e eficaz.
- CA3.5. Solicitáronse aclaracións e realizáronse suxestións de mellora tras intervencións e exposicións orais, para as enriquecer e lles achegar retroalimentación.
- CA3.6. Mantivéronse reunións e conversas a través de plataformas dixitais, xestionando pausas e dificultades na comunicación en tempo real.
- CA3.7. Utilizáronse estratexias para mellorar a comunicación oral, aplicando técnicas que aumenten a efectividade do discurso.
